



Rodríguez Jaldón 'Retrato de señora'

O pintor Juan Rodríguez Jaldón conseguiu unha segunda medalla na Exposición Nacional de Bellas Artes de 1922. Estivo encadrado no costumbrismo andaluz.



Asorey 'San Francisco'

O santo de Asís aparece diante dunha árbore sobre a que se asenta o irmán lobo coa cabeza apoiada no brazo dereito de Francisco nesta escultura de Asorey.



José Cruz Herrera 'Al mercado'

O artista andaluz asentado en Madrid obtivo a segunda medalla na Exposición Nacional de Bellas Artes del año 1924 coa obra titulada 'Al mercado', que tamén se pode ver en Lugo.

Dezaseis pingas do Reina Sofía en Lugo

► O Museo Provincial fai un percorrido polas obras cedidas do centro madrileño, entre as que destacan as de Minguillón e Asorey

JAUREGUIZAR
✉ sjareguizar@elprogreso.es

LUGO. Julia Minguillón era unha muller académica, na vida e na pintura. Toda a excentricidade que lle trascendeu foi enterrar o seu can Tyla onde o mar. A súa obra segue as normas do clasicismo, como pode verse en 'La escuela de Doloriñas', o seu cadro máis sonado. Pode verse no Museo Provincial de Lugo dende 1962, pero pertence ao Estado dende que o comprou en 1941.

'La escuela de Doloriñas' é a peza na que se basea a mostra que o centro lucense promoveu co gallo dos 30 anos do Centro de Arte Reina Sofía dentro do ciclo 'Acordanzas'. O museo madrileño ten 16 obras —once pinturas e cinco esculturas— depositadas en Lugo, entre as que figura tamén 'San Francisco de Asís' de Asorey.

O cadro de Minguillón tivo vocación viaxeira. Recibiu a primeira medalla na Exposición Nacional de Bellas Artes de 1941, despois de

ser seleccionada entre 500 propostas. A ditadura inclúe na obra na súa misión de mellorar a imaxe no exterior. A obra viaxa a Berlín e á Bienal de Venecia en 1942. Pasa por Río de Janeiro en 1948 e acaba en Sevilla. A artista aínda pode vela de volta a Lugo porque morreu tres anos despois, en 1965.

O curioso é que percorreu medio planeta saíndo do lugar de Vilapol. Julia viña de perder en 1940 o que había de ser o primeiro e único fillo. Estaba moi afectada, polo que decidiu descansar en Lourenzá, onde nacera en 1906 e os seus pais tiñan unha farmacia. Dando un paseo polo campo descubriu unha 'escuela de ferrado', que se chamaban así porque podían pagarse en especie —leña, patacas, bolos de pan ou traballo—.

Minguillón empezou a obra na escola. Compensaba as sesións dos alumnos con tres galletas, un prezo razoable. A artista busca unha sensación de austeridade ao pintar directamente sobre táboas



'La escuela de Doloriñas' de Julia Minguillón. EP

de contrachapado e elixindo unha gama de cores que se moven nun arco limitado, entre o gris, o verde e o marrón. Julia sabía o que estaba pintando porque vivira en Burgos e Valladolid entre os 9 e os 17 anos, onde soportara burlas doutras alumnas polo seu acento

galego. A vinganza era deformalas en caricaturas.

Esa obra recibe críticas polas roupas coas que pinta aos alumnos, demasiado requintadas para o tempo e para o lugar. O detalle da lama nas zocas podería baixar á realidade o ton do cadro, pero debe terse en conta que a pintora deseñaba o que se vestía.

ANIVERSARIO. Asorey tallou un San Francisco en 1926 para celebrar os 700 anos da fundación da orde franciscana. En certo modo, o artista cambadés devolve a visita que San Francisco fixo a Santiago en 1214. Daquela reparou na necesidade de expandir a súa mensaxe.

A directora do Museo Provincial, Aurelia Balseiro, apuntou a importancia tanto de recuperar esta obra como o recoñecemento ao seu creador, aínda que chegase «a fins do século pasado».

Propiedade

'La escuela da Doloriñas', galardonada na Exposición Nacional de Belas Artes de 1941, está depositada en Lugo dende o ano 62

Vestimentas

Minguillón recibe críticas porque a roupa parece impropia dos rapaces, pero hai que ter en conta que ela deseñaba os vestidos

Peregrinación

San Francisco peregrinou a Santiago en 1214. Asorey dedícalle a talla que forma parte da mostra polos 700 anos da orde co seu nome

Préstamos

Unha preocupación arraigada no centro

Aurelia Balseiro apunta que o Museo Provincial mantén a preocupación por recibir préstamos de obras de centros de referencia dende o seus principios, no ano 1932. É unha intención expresada xa polo primeiro director, Luis

López Martí, e que se plasmou na chegada de pezas como as que forman a exposición da serie 'Acordanzas'.

Aplicacións

Balseiro explicou que esta mostra, organizada por María Quiroga, non está concentrada nunha sala, senón que está explicada na web do museo e pode seguirse tamén a través das aplicacións que ofrece o propio centro unha vez que

o visitante está percorrendo a exposición.

Outras obras

O resto das pezas son de Juan Rodríguez, José Cruz Herrera, Esteban Domenech, Nicolás Soria, José Antonio González de la Peña e Francisco Esteve. Hainas de Jaime Otero, Pedro de Torre, Ignacio Veloso, José Fioravanti, Roberto Fernández, Eduardo Malta, Luisa Pérez e Gerardo Alvear.